



La Jefatura Provincial de Montes e Industrias Forestales de Lugo, informa lo siguiente:

1º.- Que en sesión celebrada el 5 de Febrero de 1.979, el Jurado Provincial de montes vecinales en mano común, tomó el Acuerdo de clasificar como tal el denominado MUDIA EN BOZO, perteneciente a la Comunidad integrada por los vecinos de la parroquia de Loboso, término municipal de Pastoriza. Publicado dicho Acuerdo en el B.O. de la Provincia, nº 125, del sábado 2 de Junio de 1.979, no se presentó ni interpuso recurso alguno contra él, por lo que tal Acuerdo es firme.

2º.- Que el 6 de Junio de 1.981 el ICONA y la Comunidad de Loboso suscribieron un Convenio que afectaba a las 60 ha del monte “MUDIA EN BOZO”, 271-5011.

3º.- Que el 15 de marzo de 2000 la Junta Rectora de la Comunidad de Loboso, conforme con lo acordado por ésta reunida en Asamblea General el 12 de Febrero de 2.000, acordó a su vez:

- proponer a la Consellería de Medio Ambiente la modificación de las Bases del convenio del monte **MUDIA EN BOZO, 271-5011**, que incluya 56 ha ya conveniadas, rescindiéndose 4 ha que por su naturaleza húmeda impiden el normal desarrollo de los árboles, por lo que la Comunidad las transformará en pastizal y

- autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

4º.- Que en consecuencia, el nuevo monte MUDIA EN BOZO quedó constituido por:

56 ha del monte MUDIA EN BOZO, 271-5011.

5º.- Las superficies del monte “MUDIA EN BOZO”, son en la actualidad:

Superficie total.....	60 ha
Superficie arbolada.....	60 ha

6º.- Como se pretende cancelar el Convenio en 4 ha, que por su humedad y profundidad del suelo son más aptas para pastizal, las superficies del nuevo monte serán:

Superficie total.....	56 ha
Superficie arbolada.....	56 ha



Por todo esto, **proponemos:**

PRIMERO.- Que se apruebe la exclusión de las 4 ha que por su naturaleza húmeda impiden el normal desarrollo de los árboles y que la comunidad las transformará en pastizal. La superficie repoblada que queda en convenio garantiza suficientemente la deuda.

SEGUNDO.- Que se apruebe la modificación de las bases del convenio solamente en lo que respecta a su superficie, quedando con las siguientes características:

Nombre del monte: **MUDIA EN BOZO**

Elenco: 271-5011

Superficie: 56 ha repobladas

Pertenencia: Comunidad de Loboso

Término municipal: A Pastoriza.

Provincia: Lugo

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Interés sobre el anticipo: 1%

Participación de la Comunidad en el vuelo creado: 70%

Participación de la Consellería en el vuelo creado: 30%

Santiago de Compostela, 9 de junio de 2000.

**O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,**



Plácido Baamonde López.

**VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL,**



Tomás Fernández-Couto Juanas.

**EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**



INFORME MONTE DE MUDIA EN BOZO 2715011

CONSULTA: Conveniencia ou non de atende-la petición da Comunidade do Monte Vecinal en Man Común de Loboso no concello de Pastoriza (Lugo) para a segregación parcial do monte desa comunidade con destino a pastizal.

Con data 9 de xuño de 2000 ten entrada na Dirección Xeral de Montes e M.A.N. expediente remitido pola Delegación Provincial de Lugo para segregar 4 has do monte Mudia en Bozo pertencente á comunidade de Loboso no concello de Pastoriza (Lugo) que dada a súa natureza húmida impide o normal crecemento das árbores, polo que a comunidade as transformará en pastizal.

Vista a certificación do secretario da comunidade de data 15 de marzo de 2000 pola que a assemblea xeral autoriza ó presidente a solicita-lo inicio do expediente;

Vista a aceptación das cláusulas do novo convenio pola comunidade antedita en certificación de 15 de marzo de 2000;

Visto o informe do Xefe de servizo de Montes e Industrias Forestais de Lugo de data 2 de xuño de 2000, favorable á petición,

Vista a certificación de data 21 de xuño de 2000 do Xefe provincial do servizo de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

e vistos os artigos 49 e seguintes do Real Decreto 1279/1978, que aproba o Regulamento da Lei de fomento da produción forestal, a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común;

INFORMO favorablemente á petición, considerando concorrente a vontade das partes, sempre que se garantice o pagamento das débedas a consecuencia do convenio; informe sometido a criterio mellor fundado; non se ponen en cuestión nin a propiedade dos terreos, nin as valoracións de tipo económico nin outras cuestións de tipo civil. O presente informe refírese exclusivamente á cuestión sobre a rescisión parcial do convenio, non ó uso ulterior que se lle pretende dar á parte do monte que se segrega do convenio.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2000



Asdo.: Ignacio García de los Huertos Vidal
(Sección Xurídica)



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e pola xefatura provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a exclusión das 4 ha que pola súa natureza húmida impiden o normal crecemento das árbores, e que a comunidade as transformará en pastizal. A superficie repoboada que queda en convenio garantiza suficientemente a débeda.

SEGUNDO.- Aprobar a modificación das bases do convenio só no que respecta á súa superficie, quedando coas seguintes características:

Nome do monte: **MUDIA EN BOZO**

Elenco: 271-5011

Superficie: 56 ha repoboadas

Pertenza: Comunidade de Loboso.

Concello: A Pastoriza.

Provincia: Lugo

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,



e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2000.

**O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL,**

José Luis Aboal García-Tuñón.



— **Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.
Santiago de Compostela.-**

C O N V E N I O

N.º	271	5011
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a vintenove xuño de dous mil de mil novecientos
~~noventa e tres~~ ~~XXXXXX~~.

R E U N I D O S

Dunha banda, d. Carlos del Alamo Jiménez, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, d. Ricardo Otero Otero como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "MUDIA EN BOZO", segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, do 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A repoboación forestal dos terreos susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

b) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

c) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Loboso

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "MUDIA EN BOZO"

Termo municipal: A Pastoriza

Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal: monte en man común pertencente á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Loboso

Límites:

N.: Propiedades particulares;

L ☒: Rego da Fraga e monte da Comunidade de San Vicente de Reigosa;

S ☒: Parroquia de San Martín de Corbelle e

O.: Monte "CORDA DA NEDA", 2715780

Superficie: 56 (CINCUNTA E SEIS) Hás

Estado forestal: 41 (CUARENTA E UNHA) Hás repoboadas con P. radiata e 15 (QUINCE) Hás cubertas de bidueiro, ameneiro e outras frondosas

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do solo: 15 (QUINCE) Hás

Sen vexetación arbórea: - - -

Servidumes: - - -

3ª.- O solo continuará pertencendo á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Loboso

que achega ó convenio:

a) Os terreos descritos na cláusula segunda.

b) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

6ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, o trinta por cento, será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente a entidade propietaria do solo, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o - - - por cento, e a comunidade propietaria o - - - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excédese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso á comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinados en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

7ª.— En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

8ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito por representantes autorizados de ámbalas dúas partes, figurando nel certificación do acordo da xunta de comunidade, co quorum regulamentario, no que se designe a persoa autorizada para efectos de sinatura do convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre éste que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

9ª.— A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente coa súa participación en beneficios que se consigna na cláusula sexta, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o solo e as existencias que substantase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do solo, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentos.

10ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do solo ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e caseas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente se esta o precisar.

11ª.— ~~A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será~~ O monte está repoboado con P. radiata e bidueiro, ameneiro e outras frondosas

12ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións derivadas do seu cumprimento que se susciten.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JESÚS NÚÑEZ FERNÁNDEZ en funcións de _____, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " MUDIA EN BOZO ", pertencente ós veciños da parroquia de Loboso, concello da Pastoriza - Rexistrados co número 0499 o día 08-02-1996.

2.—Que, así mesmo, figura don RICARDO OTERO OTERO, e don PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica _____ (elixida coa data do 29-12-1999).

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 15 de marzo de ~~1999~~ 2000



Don Primitivo Iglesias Sierra, Secretario de ~~da~~ da Comunidade de Loboso, termo municipal da Pastoriza

C E R T I F I C O : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 12 de Febreiro de 2000 estando designado don Ricardo Otero Otero, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Loboso (A Pastoriza) a 15 de Marzo de mil ~~novecientos noventa e~~ XXX ~~XXXXXXX~~ dous mil.

Visto e prace,

O Ricardo Otero
PRESIDENTE

Asdo.: Ricardo Otero Otero

O SECRETARIO,

Asdo.: Primitivo Iglesias Sierra

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

O PRESIDENTE

Ricardo Otero
Asdo.: Ricardo Otero Otero

O CONSELLEIRO
P.D. (ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL
José Luis Abad García - Tuñón
Asdo.: José Luis Abad García - Tuñón

Pola propiedade,

Pola Consellería de Medio Ambiente,

D. Ricardo Otero Otero
D. Primitivo Iglesias Sierra
D. Carlos Cabana Nogueira
D. Antolín González Fernández

En la parroquia de Loboso, municipio de A Pastoriza, siendo las trece horas del día 15 de Marzo de 2000, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Loboso, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por la citada Comunidad, en Asamblea General celebrada el 12 del pasado mes de Febrero, acuerdan a su vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Medio Ambiente la aprobación de unas nuevas Bases para el Convenio del monte "MUDIA EN BOZO", 2715011, que incluya a 56 Hás del monte ya conveniado, quedando las otras 4 Hás fuera del Convenio, ya que por su naturaleza húmeda, impide el normal desarrollo de los árboles, por lo que será transformada en pastizal. Por ello, las características del nuevo monte pasarán a ser:

Nombre: "MUDIA EN BOZO"

Elenco: 2715011

Superficie: 56 Hás

Límites:

N.- propiedades particulares,

E.- Rego da Fraga y monte "Mudia" de la parroquia de San Vicente de Reigosa,

S.- parroquia de San Martín de Corbelle y

O.- monte "CORDA DA NEDA", 2715780

2º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

No habiendo más asuntos que tratar, se cierra el acta en el lugar y fecha antes indicados.

